

# XABIER | DÍAZ

## Maneo de Arnados (Razo da Costa - Carballo)

Perdín a cinta do pelo,  
por ela ando mirando  
para prender aquel burro  
que está no alto mirando.

E vaite de aí  
xa podes marchar  
que eu na miña vida  
che volvo a falar.

Vente vindo, vente andando  
que eu no camiño te espero.  
*Conocer* ben te *conozo*  
polo refaixo marelo.

Dálle a volta, nena,  
senón doulla eu:  
teu pai é meu sogro,  
a nora son eu.

Dálle a volta, dálle a volta,  
dálle a volta ao cantar,  
dálle a volta, dálle a volta,  
inda non lla sabes dar.

Pos o sombreiro de lado  
para que che vexan o pelo.  
Nin por iso es mellor mozo  
nin has de casar máis cedo.

